



NOTA DE PRENSA DA APDR DO 26.02.09

COLECTIVOS DE AFECTADOS, VECIÑAIS E ECOLOXISTAS, XÚNTANSE EN REDONDELA CONTRA O REGULAMENTO MUNICIPAL DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL QUE NON TEN EN CONTA O PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN

O derradeiro martes 24 de febreiro tivo lugar unha xuntanza na Asociación de Veciños de Chapela, con diferentes colectivos de distintos puntos do termo municipal de Redondela; representantes do campo veciñal, ecoloxista e de colectivos e plataformas de afectados.

Tras repasar a actualmente caótica situación de inseguridade, creada pola proliferación de antenas base de telefonía móbil no conxunto de Redondela e a proposta do grupo de goberno municipal de crear un Regulamento propio neste ámbito; conclúese:

- Os límites das normativas estatais que regulan esta exposición ás ondas electromagnéticas provenientes das antenas de telefonía móbil **NON CONTAN COAS GARANTÍAS SUFICIENTES PARA PROTEXER A SAÚDE DA POBOACIÓN**, segundo a resolución do **PARLAMENTO EUROPEO** do 4 de setembro de 2008 (1); xa que “non teñen en conta a evolución das tecnoloxías da información e a comunicación, as recomendacións da **AXENCIA EUROPEA DE MEDIO AMBIENTE** ou as normas de emisión máis esixentes adoptadas, por exemplo, por Bélxica, Italia ou Austria, e non abordan a cuestión dos grupos vulnerables” (nenos, maiores, xestantes, ...).

- Este baleiro legal, ata que se reforme a normativa estatal en base aos consellos anteriormente mencionados, **súmase a ausencia de normativa municipal suficiente** (dende as súas competencias na ordenación paisaxística, urbana e de saúde) **que nos protexa en Redondela**, ao igual que na maioría dos municipios galegos.

- O único borrador do proxecto de “**Normativa reguladora da instalación e funcionamento de infraestruturas radioeléctricas no concello de Redondela**”, ao que temos acceso:

- **É ILEGAL**: non contempla á aplicación do Decreto autonómico 133/2008 polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, aplicable ás antenas de telefonía móbil segundo o Valedor do Pobo (2)

- **NON SÓ ESTÁ LONXE DE ORDENAR ESTE CAOS SE NON QUE O POTENCIA**, someténdose aos intereses económicos das operadoras, chegando a instalar antenas no mobiliario urbano da cidade sen ningunha limitación por proximidade a zonas habitadas (e sen ningún recoñecemento ás zonas sensíbeis).

- Os representantes dos colectivos presentes apostamos, ao igual que a Axencia Europea de Medio Ambiente e a Resolución do Parlamento Europeo mencionada, polo Principio de Precaución; que no caso de Redondela pasaría por un imprescindible debate na poboación e a negociación municipal con todos os axentes sociais implicados nunha “verdadeira” ordenanza protectora que conxugue novas tecnoloxía e saúde (como se está a facer en outros lugares garantindo a cobertura)

- O vindeiro Luns 9 de marzo terá lugar un acto informativo sobre antenas de telefonía móbil e saúde no **Centro Multiusos de Chapela**.

ACCESO ONLINE AOS ANEXOS REFERIDOS:

1.- Resolución do Parlamento Europeo, de 4 de setembro de 2008:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_(Bioinitiative).pdf)

2.- Expediente C.6Q/920/2008 do Valedor do Pobo:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/MORANA/Valedor_do_Pobo_ao_Concello_de_Morana.GAL.pdf

<http://www.apdr.info/>